

TRES EN RAI A AO CORAZÓN

ACTIVIDADE DENDE A AULA DE PT PARA



O día 21 de Marzo celébrase o día mundial da Síndrome de Down, polo que imos coñecer e saber un pouco máis do que é iso. Co gallo desta celebración realizaremos as seguintes **tarefas**:

PRIMEIRO: Imos escoitar a canción e ver o videoclip de “Tres en raia” feito polo grupo A Banda da Loba:

(<https://www.youtube.com/watch?v=SDUBlwWB4Ik>).

GÚSTOUVOS? Agora imos comentar entre todos como son os rasgos físicos principais (cara, ollos, pel,...) e as actividades que eses nen@s estaban a facer. Poderíamos ser calquera de nós os que estivesen nese vídeo non?

AGORA...

4º de EI: Facemos un debuxo da nosa escola xogando con estes nen@s e poñemos por atrás o noso nome.

5º de EI: Facemos un debuxo da nosa escola xogando con estes nen@s e poñemos de título “TRES EN RAI A AO CORAZÓN”.

6º de EI: Facemos un debuxo da nosa escola xogando con estes nen@s e poñemos de título “Tres en raia ao corazón, 21 de Marzo día mundial da Síndrome de Down”.

PARA O ALUMNADO DE PRIMARIA

- Escoitamos varias veces e tentamos escribir 4 estrofas da canción. Podedes ir escoitando o vídeo e parando cantas veces queirades.

Unha vez escrito, sabedes cal é o retrouso? Marcádeo.

- **Investigamos:** Que é un cromosoma? Busca información necesaria para poder dicir o que é para despois poder redactalo en tres liñas.

Porque é importante o cromosoma número 21 no caso da Síndrome de Down?

ENTRE TODOS construimos un tres en raia e a xogar!! (ligazón para poder construír un: <https://www.youtube.com/watch?v=c6UYQZH0o5Y>)

